

ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA ÁS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

En cumprimento do disposto na Resolución do 20 de setembro de 2021, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares dos centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **DOUS** representantes de nais, pais ou titores legais de alumnos. Un deles poderá ser designado pola ANPA.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro no presente curso e incluídos no **censo electoral** que está exposto no taboleiro electoral do vestíbulo do instituto.
3. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, que poderán presentar na Secretaría do centro ata ás 14.00 horas do día 15 de novembro.
4. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **9 ao 15 de novembro**, en horario de oficina de 9:00h a 14:00h.
5. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 17 de novembro. As reclamacións á mesma realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14:00 horas do día 18 de novembro.
6. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos o 19 de novembro ás 12:10 horas. Dita mesa electoral estará formada pola Directora, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
7. A **campaña electoral** comprenderá do 19 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
8. As **votacións** realizaranse o **23 de novembro**, de 19:00 a 20:30 horas. A mesa será constituída o mesmo día.
9. Cada elector fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da lista de candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
10. En datas próximas recibirán outra circular informándolles dos candidatos/as presentados.
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

En Cambre, a 5 de novembro de 2021

A Presidenta da Xunta Electoral